

~~STPIT~~

la

appena...

Servicio de Edicións, Publicacións e Traducións (SEPT)

O antecedente de Editorial Galaxia

XOSÉ L. PASTORIZA ROZAS

Xosé L. Pastoriza Rozas é profesor da USC e padroeiro da Fundación Isla Couto.

En 2020 conmemoramos o 70 aniversario da fundación da Editorial Galaxia e tamén o 75 da xuntanza clandestina que reconstituía organicamente o Partido Galeguista o 22 de xullo de 1945 na parroquia viguesa de Coruxo. Aínda que as diferentes lembranzas e documentos conservados ofrecen versións semellantes respecto dos acordos adoptados nesta asemblea, unha das persoas asistentes a este xuntoiro clandestino en representación do grupo galeguista de Lugo, Ánxel Fole, introduciu a cuestión de que nesta asemblea se debateu sobre a creación dunha editorial e unha revista¹. Aínda que no seu testemuño afirma tamén que Manuel Gómez Román e Xaime Isla Couto asistiron á reunión, cando realmente non se encontraban entre as persoas presentes, podemos outorgar certo grao de credibilidade ao feito de que nos grupos galeguistas de resistencia democrática, especialmente no de Vigo, xa se estaba a ventar desde mediados dos anos 40 o proxecto dunha futura editorial.

Malores Villanueva, nun recente artigo en GRIAL e na súa documentada tese de doutoramento sobre a Editorial Galaxia, traza unha xenealoxía cos principais fitos que entre 1945 e 1950 conduciron á súa constitución. Entre eles destaca unha iniciativa de negocio de librería na que participaron Xaime Isla Couto, Plácido R. Castro del Río, Celso Collazo Lema e Xosé Meixide González: o Servicio de Edicións, Publicacións e Traducións (SEPT)². Entre a documentación exhumada na súa investigación atópanse dúas actas privadas de constitución deste negocio, que foron redactadas en galego: a primeira con data de 1 de abril de 1946 e a segunda con data de 1 de marzo de 1947³. A principal diferenza entre ambas as dúas acontece na estrutura societaria, xa que en 1947 se une Xosé Meixide aos socios fundadores Xaime Isla, Plácido Castro e Celso Collazo.

Os traballos de ordenamento e catalogación do Fondo Xaime Isla Couto no Arquivo da Fundación Isla Couto permitiron descubrir nova documentación que vén completar a imaxe aínda incompleta do proxecto empresarial que abranguíu esta primixenia SEPT⁴. Complementariamente, o labor de transcrición das conversacións gravadas que se conservan de Xaime Isla permitiu recuperar o seu testemuño de primeira man sobre esta iniciativa que se enmarcaba dentro da estratexia impulsada durante a reactivación clandes-

◀ Borrador do folleto realizado por Xaime Isla, ca. 1946-1948

tina do Partido Galeguista e que abranguía, tal e como acertadamente lembraba Ánxel Fole, un proxecto editorial.

Con todo, previamente, cómpre un exercicio de desambigüación que permita diferenciar entre o Servicio de Ediciones, Publicaciones y Traducciones (SEPT, 1946) e a Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT, 1965), editorial de pensamento cristián aínda existente. O emprego do mesmo acrónimo provocou confusión na identificación dunha e doutra iniciativa editorial. A primixenia SEPT desapareceu contra 1950. A editora católica SEPT fundouse en 1965 por iniciativa dun colectivo de galeguistas católicos progresistas e liberais entre os que se atopaban Xaime Isla Couto, Xosé Luís Fontenla Rodríguez, Octavio San Martín Domínguez, Xerardo Fernández Albor, Agustín Sixto Seco, Manuel Vidán Torreira, Manuel Beiras García, Carlos Balañas Fernández, Camilo Nogueira Román, Domingo Fernández del Riego, Xosé Luís Fontenla Méndez, Isidoro Millán González-Pardo e Xosé Manteiga Pedrares, entre outros. Nesta SEPT traballaron en man común Xaime Isla e un equipo de profetas do Concilio Vaticano II —como os definiu o bispo Miguel Anxo Araújo Iglesias—, que acadou en 1989 botar ao prelo a primeira tradución íntegra da Biblia para o galego desde as linguas orixinais grazas ao teimudo liderado de Alfonso Zulueta de Haz e Quico Domínguez, e a eficaz coordinación de Andrés Torres Queiruga e Xosé Fernández Lago⁵.

O Servicio de Ediciones, Publicaciones y Traducciones (SEPT) creouse nove meses despois da asemblea de Coruxo de xullo de 1945. O 1 de abril de 1946 outorgouse en Vigo un acordo provisional e privado de constitución no que figuraban como socios Plácido Castro, Xaime Isla e Celso Collazo⁶. Consonte ao documento orixinal, cada un dos socios contribuía con diversos medios e recursos: Plácido encargábase do financiamento, exercendo a función de dirección e control do traballo práctico; Xaime achegaba proxectos, iniciativas e asesoramento, e Celso levaría a responsabilidade do traballo diario do negocio con dedicación plena persoal. O logotipo de SEPT deseñado por Xaime Isla consistía nunha pedrafita rodeada por un setestrela e tiña como domicilio social a rúa Lepanto número 7, a residencia privada de Plácido Castro en Vigo.

O deseño deste negocio editorial de librería e traducións saíu do máxím proxectivo de Xaime Isla e Plácido Castro. O obxectivo desta primixenia SEPT era funcionar como distribuidora de libros que crease clientela e unha rede de subscritores para, posteriormente, comezar coa edición de libros en galego. Esta estratexia empresarial arelaba compensar a inexistencia dun mercado

para o libro e a deficiente dotación de librerías en Galicia. De feito, tiñan moi presente na súa memoria as dificultades de Ánxel Casal e a editorial Nós para lograr vender nas librerías os libros en galego. SEPT serviu, ademais, para darlle un medio de vida a Celso Collazo que, segundo Xaime, facía unha vida bohemia polos cafés vigueses, como o afamado Derby⁷. Con todo, os proxectos de reconstitución do galeguismo na clandestinidade abalaron cando uns días máis tarde da constitución de SEPT, o 9 de abril de 1946, Ramón Piñeiro e os imáns Cesáreo e Camilo Saco López son detidos en Madrid e condenados posteriormente a prisión⁸. Uns meses máis tarde, Francisco Fernández del Riego, Roberto González Pastoriza e Darío Álvarez Blázquez tamén son detidos e encarcerados brevemente pola súa suposta pertenza á Unión de Intelectuales Libres⁹. Xa que logo, a represión e vixilancia policial entalaron a breve loita política clandestina e iniciábanse os traballos preparatorios que levarían á creación da Editorial Galaxia en 1950.

En marzo de 1947, SEPT ampliouse coa entrada como socio de Xosé Meixide para reforzar a dirección e marcha da oficina canda Celso Collazo, que sería responsable da organización e das vendas. A nova acta establecía que ambos os dous terían dedicación exclusiva profesional ao negocio. Tanto Plácido Castro como Xaime Isla desempeñarían as mesmas funcións previstas na acta de 1946, aínda que Plácido aumentaría a súa inicial achega económica até as 25.000 pesetas. Naquela altura SEPT ficaba integrada por cargos do Partido Galeguista, como o exsecretario de relacións exteriores, Plácido Castro, o secretario técnico, Xaime Isla, o secretario de organización, Xosé Meixide, e un correo e enlace do partido na clandestinidade, Celso Collazo¹⁰. Mesmo se pode intuír que o traballo comercial de creación dunha rede de subscritores con base nas listas dos socios protectores do Seminario de Estudos Galegos ofrecía unha boa cobertura para o enlace entre os diferentes grupos de militantes do Partido Galeguista¹¹.

A empresa tivo unha vida breve. O capital esgotouse e as diversas liñas de negocio xeraban beneficios cativos, malia abranguer diversos servizos: venda de libros e revistas a domicilio, traducións das que se encargaban Plácido Castro e Celso Collazo, envío dun boletín personalizado con novidades editoriais a partir do ficheiro de libros publicados que elaboraba a Biblioteca Nacional, e a organización de bibliotecas para entidades e particulares empregando a Clasificación Decimal Universal (CDU), obrigatoria nas bibliotecas públicas españolas desde 1939 e cuxas táboas foran traducidas ao castelán en 1942¹². Os ser-

vizos que prestaba SEPT estaban vinculados á experiencia e competencias dos socios, como o servizo de librería e publicacións, que incluía a orientación bibliográfica xeral e a profesional e especializada, a importación de publicacións en linguas estranxeiras, como libros en alemán destinados á colonia xermana viguesa, a organización e selección de bibliotecas, a venda de libros e revistas e a súa importación etc¹³. A oficina de traducións aproveitaba o dominio de idiomas de Plácido Castro e Celso Collazo e nos outros servizos ofertados engadíanse aspectos tan curiosos como a selección de discos e edicións musicais, os gravados e acuarelas, as fotografías, o servizo de impresos, debuxos e ideas de publicidade e organización, e mesmo mobiliario e decoración de librería e bar en domicilios particulares. O talento dos socios para a pintura e o deseño gráfico, a súa melomanía, o seu carácter organizador e a súa creatividade artística puxéronse a disposición dunha empresa integrada de servizos editoriais e culturais que unicamente se podía permitir economicamente naqueles anos unha minoría moi reducida da poboación galega. Por este motivo, e co fin de impulsar o negocio, proxectouse nomear catro axentes comerciais para cubrir toda Galicia e fortalecer a distribución de libros co fin de financiar coas vendas os futuros traballos de edición. Pero a marcha de Plácido Castro a Portugal e Londres en 1948, a mudanza de Celso Collazo a Compostela, unha breve detención de Xosé Meixide pola súa significación galeguista, e os compromisos profesionais de Xaime Isla no despacho xurídico e a súa incorporación no curso 1946-1947 como profesor na Escola de Peritos Industriais de Vigo enfraqueceron a expansión comercial de SEPT.

Xunto coas dúas actas de 1946 e 1947, no Arquivo da Fundación Isla Couto consérvanse unhas notiñas manuscritas sen data de Xaime Isla. Nestas tres cuartillas bosquexase un derradeiro intento de salvar SEPT. O negocio neste novo deseño quería orientar á edición de libros, revistas e publicacións, e á súa exportación, distribución e venda. Como socios figuraban Xosé Meixide, Xaime Isla e José Ramón Fontán, futuro alcalde de Vigo (1963-1964) e avogado compañeiro de Xaime no despacho de Adolfo Gregorio Espino. O novo socio Fontán viña cubrir o posto de socio capitalista que ocupara Plácido Castro e tiña disposición de achegar 100.000 pesetas á empresa, mentres que Meixide ocuparía a xerencia e Isla encargaríase do asesoramento e da librería xurídica contribuíndo con 25.000 pesetas. Este novo proxecto semella que non se iniciou, pero o seu domicilio social estableceuse na rúa Reconquista, 1, entrechán, sede durante décadas da Editorial Galaxia, a sucesora da esmocerida SEPT. De feito, os primeiros boletíns de

1. Casares, Carlos (2005). *Conversas con Ánxel Fole*. Vigo: Galaxia, p. 78.
2. Villanueva Gesteira, Malores (2020). "Pensar e crear Galaxia. Os inicios dunha empresa cultural que fai 70 anos", *GRIAL* 225-226, p. 24-31, e *A Editorial Galaxia: proxecto e traxectoria 1950-1963*. Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, pp. 79-84.
3. Esta segunda acta de 1947 figura incompleta no libro de actas doado por Manuel Meixide á Fundación Penzol e que foi consultado por Malores Villanueva. No Arquivo da Fundación Isla Couto consérvase a versión completa desta segunda acta que se reproduce neste artigo.
4. O ordenamento e catalogación da serie documental relativa ao Servizo de Edicións, Publicacións e Traballos (1946-1947) foi realizado por Iñaqui Solla Covelo, arquivista da Fundación Isla Couto, e foi financiado pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia a través das súas axudas de actuacións en materia de arquivos do ano 2017.
5. Para máis información sobre a editorial cristiá SEPT, vid. Domínguez, Quico, "Xaime Isla e a inculturación da Igrexa galega". *GRIAL* 207 (2015), pp. 42-55, e tamén a súa páxina web: editorialsept.gal.
6. Celso Collazo Lema (Vimianzo, 1921-Guadalix de la Sierra, 2014) era fillo de Celso Collazo Álvarez, oficial primeiro do Concello de Mondariz e militante galeguista asasinado en Covelo o 22 de setembro de 1936. Tras estudar o bacharelato en Pontevedra, trasladouse a Vigo, onde foi acollido polos galeguistas en calidade de promesa literaria. Despois de iniciarse no xornalismo nas páxinas de *La Noche*, en 1951 trasladouse a Madrid para traballar na Dirección General de Prensa a pedimento do xornalista galego Manuel Blanco Tobío. Home políglota, axiña iniciou unha carreira internacional. Foi o primeiro delegado da Axencia EFE en Moscova e residiu tamén en Londres e Nova York.
7. Mallo, Albino (2010). *Algo máis que un café: o Derby de Vigo, 1921-1968*. Vigo: Galaxia.
8. Dasilva, Xosé Manuel (2011). *Proceso e encarceramento de Ramón Piñeiro: 1946-1949*. Vigo: Galaxia.
9. Fernández del Riego, Francisco (2003). *Camiño andado*. Vigo: Galaxia.
10. Entre 1943 e 1944, o traballo de reactivación da militancia galeguista realizouse a través de Ramón Piñeiro e mais doutros colaboradores como Celso Collazo, que participa da conspiración para reconstruír o Partido Galeguista estando a soldo de Valentín Paz-Andrade. Mentres que Ramón Piñeiro nas súas memorias (*Da miña acordanza*, Vigo: Galaxia, 2002) sinala dúas dúcias de persoas como as dispostas a colaborar, Collazo lembraba que a súa viaxe en data indeterminada foi un fracaso total a pesar de ter a intención de levantarlles o ánimo e organizalas malia as dificultades do contexto represivo (Reigosa, Carlos G. (2016). *A vinganza do defunto*. Vigo: Xerais).
11. No Arquivo da Fundación Isla Couto consérvanse estas listas anotadas e subliñadas por Xaime Isla que tamén serviron para a identificación dos futuros accionistas da Editorial Galaxia. A carón dos nomes dos irmáns galeguistas asasinados ou mortos, como Alexandre Bóveda e Xerardo Álvarez Limeses, respectuosamente figura unha cruciña feita con estilográfica.
12. Este labor foi responsabilidade de Celso Collazo, xa que, unha vez trasladada a súa residencia a Compostela, organizou as bibliotecas privadas de Ramón Baltar e Domingo García-Sabell.
13. A falta de maior documentación, unicamente se verificou a importación de libros en alemán editados nos anos 40 e probablemente destinados para a súa venda entre a numerosa comunidade xermana que residía en Vigo.



Tarxeta postal, ca. 1946-1948

subscrición das accións de Galaxia en 1949 debían remitirse precisamente á sede de SEPT, entidade que naquela altura tiña unicamente unha existencia nominal.

Para resolver a cuestión dos antecedentes da Editorial Galaxia podemos preguntarnos se SEPT resulta ser ou non un proxecto frustrado substitutivo ou complementario ao de Galaxia, tendo en conta que en ambas as dúas iniciativas Xaime Isla actuou como proxectista e Xosé Meixide desempeñouse na xerencia e xestión comercial. A resposta ofrécesenos, por unha banda, nas declaracións conservadas de Xaime Isla e, por outra, no folleto que anunciaba SEPT e que contiña un prospecto fundacional a xeito do que en 1949 redactou o propio Isla para Galaxia. Nas súas conversas, este afirmaba:

Pero xa antes de crear Galaxia asumimos que en Galicia non había clientela suficiente para a edición de libros. A nosa idea era crear unha distribuidora, para poder crear unha clientela e, despois, empezar coa edición de libros. Esta foi a orixe da SEPT que creí canda a Celso Collazo e Plácido Castro en Vigo no 1946. Plácido Castro díxome que tiña uns cartos. E tiñamos como amigo común a Collazo, xornalista e logo primeiro corresponsal da Axencia EFE en Moscova. Este Collazo vivía de bohemio e non facía nada, e andaba con outros rapaces polos cafés. E pensamos en facer algo para darlle a Collazo un medio de vida. E decidimos facer unha sociedade que fose unha distribuidora para a venda de libros. Conservo os ficheiros, organigramas e folletos da empresa. Collazo era un home moi intelixente,

cunha intelixencia burocrática cando todos pensamos que era literato. Lembro que lle dixera que sería un bo burócrata. Pero como era un bohemio, gastou os cartos da empresa [...].

A empresa facía traducións das que se encargaban Plácido Castro e Collazo e tamén organizaba bibliotecas para as entidades. A empresa era moi completa. Estabamos subscritos ao ficheiro que facía a Biblioteca Nacional de todos os libros que se publicaban e dos que facían unha ficha. Tamén tiñamos unha pequena imprentiña para arranxar. Pero despois do asunto dos cartos, acabou. Logo busquei como substituto a Xosé Meixide. Pero o da empresa era moi difícil. En Pontevedra nomeamos axente a Carmiña Echevarría. A nosa idea era nomear catro axentes en Galicia e, se chega a saír ben, sería semellante ao negocio que ten arestora Alonso en Santiago. Aínda despois con Galaxia puidemos telo. Porque a miña obsesión en Galaxia era conseguir convencer a Paco del Riego, a Piñeiro e aos outros de que Galaxia crease unha distribuidora. Porque o noso problema era que non había lectores de galego e polo tanto sería moi difícil vender libros. Ademais, lembraba á Editorial Nós e Ánxel Casal, que enviaba os paquetiños con cinco exemplares aos libreiros e alí quedaban porque non se preocupaban para nada deles. Eu coñecía a uns sindicalistas que eran artistas e vendedores de libros. Viñéranme a ver e pensei que aquilo podía ser unha iniciativa que nos servise de referencia. Pero foi un fracaso e entre finais de 1949 e 1950 asumimos os galeguistas a publicación do "Suplemento dos sábados" do xornal compostelán *La Noche*. Xa que logo, Galaxia non foi unha iniciativa que xurdira espontaneamente.

Como confirman estas lembranzas, SEPT representou o antecedente directo da Editorial Galaxia. Unha experiencia fracasada que recuperou a edición e venda de libros e revistas a partir de 1950 a través de Galaxia, mais renunciando á distribución editorial e ao resto de servizos que desenvolvería SEPT e que representaban unha concepción innovadora e moderna do negocio de librería e do mercado do libro en Galicia.

Complementariamente a estas declaracións, o folleto que anunciaba SEPT confirma como este negocio de distribución de libros tiña un horizonte máis ambicioso baseado nun diagnóstico da situación dramática da industria editorial e do mercado e distribución do libro en Galicia:

El mercado de librería en nuestra Región ofrece un desarrollo deficiente en todos los aspectos: primero, en cuanto a la extensión, reducido al número relativamente escaso de librerías, existentes tan sólo en las ciudades más importantes, con abandono de las pequeñas villas y aldeas que constituyen la mayoría de la población gallega; en segundo término, con respecto al surtido, limitado a las novedades de librería nacional, y finalmente, en relación con la información y documentación bibliográficas para orientar a los lectores, inexistente por completo.

Y ocurre, por otra parte, según notoriamente es sabido, que Galicia carece de editoriales propias; no existe un solo intento editorial serio, que al tiempo de permitir la posibilidad de dar a conocer dentro del país la obra de nuestros escritores, sirviendo de instrumento apto para la difusión y permanencia de los valores culturales propios, recoja del exterior aquellas obras más afines con nuestro espíritu genuino y que mejor se acomoden a las necesidades del público gallego.

Estimulado principalmente por estas ideas nace SEPT. Sin perder de vista la preparación de nuestra futura editorial, atenderá inicialmente a la organización del mercado gallego del libro, y de manera especial a los pequeños pueblos y aldeas diseminados por toda la región.

Este folleto confirma a visión empresarial do equipo que integraba SEPT e a súa conciencia da debilidade do mercado do libro en Galicia, da precaria rede de distribución e venda e da necesidade de estimular a demanda ofrecendo facilidades para satisfacer unha clientela insatisfeita, minoritaria, pero cos recursos económicos suficientes para comprometerse como subscritores. Con todo, o soño dos galeguistas era máis ambicioso: crear unha editorial e editar unha revista de cultura. Mais previamente, era preciso dotarse do músculo financeiro imprescindible para garantir a futura edición de libros en Galicia, ben

de escritores galegos, ben de autores estranxeiros traducidos. Porque se o mercado galego do libro se caracterizaba pola súa precariedade e fraxilidade, canto máis se as obras estaban editadas en galego. Como acidamente intuían en SEPT, sen lectores en galego, non habería negocio nin beneficios, e a actividade editorial transformábase nun acto entre heroico e altruísta. Un diagnóstico e visión de mediados dos anos 40 que segue a resoar pola súa vixencia na nosa contemporaneidade.

Esta nova documentación relativa a SEPT permite encher algún dos baleiros que existían en relación ás iniciativas que antecederon á creación da Editorial Galaxia. A aventura de SEPT estivo protagonizada polos amigos e camaradas galeguistas Plácido Castro, Celso Collazo, Xaime Isla e Xosé Meixide. Deste grupo pasarían á nova editorial Xosé Meixide na área de xestión e comercial e Xaime Isla como conselleiro delegado da sociedade anónima. A pesar de que SEPT non prosperou consonte ao proxecto inicial, esta experiencia confirma como no contexto da derrota da resistencia política clandestina, os galeguistas reaccionaron con traballo en equipo e creatividade desenvolvendo unha orixinal intuición e visión estratéxica para facilitar a supervivencia dos “valores culturais propios” e o “espírito xenuíno”. Nesa dinámica colectiva de ensaio e erro dos proxectos colectivos culturais, complementarios da loita democrática, agromaron os fracasos, mais tamén os éxitos. De feito, cremos que de non sentir en carne propia a frustración de iniciativas como SEPT e de non sufrir o fracaso, experiencias como a Editorial Galaxia nunca xamais chegarían a existir. E quizais por ese motivo podemos afirmar que a única actitude existencial permanente dos galeguistas na historia foi a resistencia e a realización no fracaso, unha capacidade individual e colectiva, hoxe coñecida como resiliencia, que nos permite celebrar neste ano cunha memoria agradecida o 70 aniversario da Editorial Galaxia ■

En Vigo, a primeiro de abril do ano mil novecentos cuarenta e seis.

Presentes os señores PLACIDO R. CASTRO DEL RIO, XAIME ISLA COUTO e CELSO COLLAZO LEMA, casado o primeiro e solteiros os outros dous, todos maiores de idade e veciños d-ista cidade. Con capacidade legal pra iste acto.

Acordan promover a constitución d-un negocio editorial e de librería establecendo a tal fin, as seguintes bases de colaboración:

1º. O Sr. Castro del Río aportará as sumas de diñeiro que sexan precisas pra os primeiros gastos de instalación e posta en marcha do negocio que calculáanse en xunto pra todo o ano en dez mil pesetas.

Ademáis prestará a súa dirección e control constante sobre o desenvolvemento práctico do traballo así como aquelas exudas que foren precisas en algún intre, orientación de diversas actividades, etc.

2º. O Sr. Isla Couto aportará en todo tempo, ademáis dos seus proxectos e iniciativas, o traballo de asesoramento en todas as cuestións e calqueira outra laboura de colaboración que sexa méster ou lle fora encomendada.

3º. O Sr. Collazo levará a responsabilidade do traballo diario do negocio e da súa efectividade práctica, adicando toda a súa actividade persoal necesaria.

4º. Periódicamente os tres celebrarán xuntanza a fin de cambiar impresións encol da marcha do negocio, examinar a laboura feita e adoitir as resolucións que conveñan pra o mellor desenvolvemento do mesmo.

Ista xuntanza será ordinariamente semanal no lugar e hora que se desixe, facéndose constar os acordos n-un libro ou cuaderno levado a tal efecto.

5º. O negocio figurará a nome do Plácido R. Castro que asumirá desde logo a súa administración e firma de maneira escrupulosamente persoal.

Si se fixera indispensable por motivos de ausencia, indisposición, etc. otorgará poder a favor de calqueira dos outros dous colaboradores -ou de ams, mancomunadamente- pra substituílo nas operacións e facultades imprescindibles.

6º. Sin perxucio de levar a contabilidade constante do negocio, trimestralmente estableceráse unha liquidación de rendimentos, pra facer a distribución seguinte:

Acta de documento

1 de abril de 1946

En Vigo, a primeiro de abril do ano mil novecentos cuarenta e seis.

Presentes os señores Plácido R. Castro del Río, Xaime Isla Couto e Celso Collazo Lema, casado o primeiro e solteiros os outros dous, todos maiores de idade e veciños d-ista cidade. Con capacidade legal pra iste acto.

Acordan promover a constitución d-un negocio editorial e de librería establecendo a tal fin, as seguintes bases de colaboración:

1º. O Sr. Castro del Río aportará as sumas de diñeiro que sexan percisas pra os primeiros gastos de instalación e posta en marcha que calcúlanse en xunto pra todo o ano en dez mil pesetas.

Ademais prestará a súa dirección e control constante sobre o desenrolo práctico do traballo así como aquelas exudas que foren percisas en algún intre, ourentación de diversas actividades, etc.

2º. O Sr. Isla Couto aportará en todo tempo, ademais dos seus proxectos e iniciativas, o traballo de asesoramento en todas as cuestións e calqueira outra laboura de colaboración que sexa mester ou lle fora encomendada.

3º. O señor Collazo levará a responsabilidade do traballo diario do negocio e da súa efectividade práctica, adicando toda a súa actividade persoal necesaria.

4º. Periodicamente os tres celebrarán xuntanza a fin de cambiar impresións encol da marcha do negocio, examinar a laboura feita e adoitar as resolucións que conveñan pra o mellor desenrolo do mesmo.

Ista xuntanza será ordinariamente semanal no lugar e hora que se desíñe, facéndose constar os acordos n-un Libro ou cuaderno levado a tal efecto.

5º. O negocio figurará a nome de Plácido R. Castro que asumirá desde logo a súa administración e firma de maneira escrusivamente persoal.

Si se fixera indispensable por motivos de ausencia, indisposición, etc. outorgará poder a favor de calqueira dos outros dous colaboradores —ou de amos, mancomunadamente— pra substituílo nas operacións e facultades imprescindibles.

6ª. Sin perxucio de levar a contabilidade constante do negocio, trimestralmente estableceráse unha liquidación de rendimentos, pra facer a distribución seguinte:

a) satisfaceráse un 5 % (cinco por cento) de intrés ás cantidades anticipadas pol-o Sr. Castro del Río;

b) destinaráse un 25 % (vintecinco por cento) pra amortización d-ise capital anticipado.

c) o resto repartirase por iguais partes antre os tres colaboradores.

Figurarán antre os gastos e como inversións obrigadas da explotación, as asignacións de local e persoal que se conveña satisfaguer aos Sres. Castro del Río e Collazo Lema, respectivamente.

7º. A duración d-iste acordo provisional será por todo o ano corrente, podendo, non embargantes, procederse denantes á formalización d-un convenio definitivo si a marcha do negocio o aconsellase ou ben poñerlle remate en caso de pérdas reiteradas. Tamén poderá excluírse a calqueira dos tres colaboradores que incumprise as obrigas que lle veñen sinaladas n-iste acordo.

I-en proba de enteira conformidade, firman-o no lugar e data devanditos.

Jaime Isla

Plácido R. Castro

Celso Collazo

Acta de 1 de marzo de 1947

En Vigo a primeiro de marzal do ano mil novecentos cuarenta e sete¹.

Presentes os señores Plácido R. Castro del Río, Xosé Meixide González, Celso Collazo Lema e Xaime Isla Couto, casados os dous primeiros e solteiros os outros dous, todos maiores de idade e veciños d-ista cidade. Con capacidade legal pra concertar o presente contrato de sociedade i-expoñen:

a) Que por documento de primeiro de abril do ano mil novecentos cuarenta e seis os sres. Castro, Isla e Collazo acordaron promover a constitución d-un negocio editorial e de librería, establecendo a tal fin as bases figuradas n-aquil documento.

b) Que as cantidades invertidas no negocio por D. Plácido R. Castro até hoxe fan un total de pesetas [en branco], das que [en branco] ptas. corresponden ao inventario de béns existentes e [en branco] ptas. aos demáis gastos do exercicio profesional.

d) Que acordar asociar ao sr. Meixide a dito negocio i-establecen un novo acordo axustado ás seguintes bases.

1ª. O Sr. Castro del Río aportará o capital do negocio até a suma de pesetas vintecinco mil, nas que fican computadas dende logo as cantidades invertidas na constitución e gastos do período provisional.

Ademáis prestará a súa dirección e control constante sobre o desenrolo práctico do traballo así como aquelas axudas que foren percisas en algún intre, ourentación de diversas actividades, etc.

2ª. Os Sres. Meixide e Collazo levarán a responsabilidade do traballo diario do negocio e a súa efectividade práctica.

Corresponderá ao primeiro a dirección e marcha da oficiña e ao segundo os traballos de orgaización e ventas, adicándolle enteiramente a súa actividade profesional.

3ª. O sr. Isla Couto, ademáis dos seus proxectos e iniciativas, aportará en todo tempo o traballo de asesoramento en tódal-as custións e calqueira outra laboura de colaboración que sexa mester ou lle fora encomendada.

4ª. Periodicamente os catro celebrarán xuntanza a fin de cambiar impresións encol da marcha do negocio, examinar a laboura feita e adoitar as resolucións que conveñan pra o mellor desenrolo do mesmo.

Ista xuntanza será ordinariamente semanal no lugar e hora que se desíne, facéndose constar os acordos n-un Libro ou cuaderno levado a tal efecto.

5ª. O negocio figurará a nome de Plácido R. Castro que asumirá desde logo a súa administración e firma de maneira excrusivamente persoal.

Si se fixera indispensable por motivos de ausencia, indisposición, etc., otorgará poder en favor de calqueira dos outros tres colaboradores pra substituílo nas operacións e facultades imprescindibles.

6ª. Sin prexucio de levar a contabilidade constante do negocio, trimestralmente establecerase unha liquidación de rendimentos pra facer a distribución seguinte:

a) destiñárase un 25% (vintecinco por cento) pra o capital.

b) o resto repartírase entre os socios nas seguintes porcións:

15% (quinze por cento) pra o Plácido R. Castro.

25% (vintecinco por cento) pra Xosé Meixide.

25% (vintecinco por cento) pra Celso Collazo.

10% (dez por cento) pra Xaime Isla.

1. Fondo Xaime Isla Couto. Arquivo da Fundación Isla Couto. Sinatura 17/2

Figurarán entre os gastos obrigados da explotación o 5% de intrés pra as cantidades que anticipe o Sr. Castro del Río, fora da súa aportación de capital e a asinación mensual de 500 ptas. (quinientas pesetas) con que se acorda retribuir ao sr. Collazo Lema.

Iste poderá ademais retirar a cantidade máxima de 500 ptas. (quinientas pesetas) mensuales como anticipo de beneficios.

7ª. A duración d-iste acordo será por todo o ano corrente podendo prorrogarse tacitamente por tempo indefinido.

Ao rematal-o ano poderán os socios non capitalistas aportar capital ao negocio sin que poidan calquera d-eles rebasar a cifra do sr. Castro del Río.

N-iste caso a parte de beneficios destiñada ao capital sería repartida proporcionalmente entre os aportados.

Tamén sería preciso novo acordo con respecto á distribución de beneficios sinalada si por calquer circunstancia fose modificada a colaboración persoal dos socios.

I-en proba de enteira conformidade, firman-o no lugar e data devanditos.

Plácido R. Castro

José Meijide

Celso Collazo

Illa

NOTAS MANUSCRITAS DE XAIME ISLA COUTO PARA ACTA DE SEPT (SEN DATA)

Art. 1 - SEPT

Art. 2 — edición de libros, revistas y demás publicaciones; su exportación, distribución y venta y actividades análogas cualesquiera otras actividades análogas

Art. 3 — Reconquista, 1 — entresuelo

Art. 4 — ?

Art. 5 — ~~D. José Ramón Fontán González~~

Es de ~~200.000 pesetas~~ 150.000 ~~100.000~~ aportadas.

D. José Ramón Fontán González 100.000 ~~80.000~~ ~~110.000~~ pts.

D. José Meixide González 25.000 ~~20.000~~ ~~15.000~~ ~~20.000~~

D. Xaime Isla Couto 25.000 ~~20.000~~ ~~15.000~~ ~~20.000~~

Art. 7 — Preferencia de los Sres. Meixide e Isla para igualar la participación de D. José R. Fontán.

Art. 20-

Aportacións

Xosé R. Fontán

Xosé Meixide

Xaime Isla

Goberno:

Meixide e ~~I. Couto~~ -xerencia

~~xuntanza~~

I. Couto — asesoramento e librería xurídica

X. Ramón — colaboración

Xuntanza ~~semanal~~: mensual

Sociedade ou R.L.

Reparto de utilidades interés 5%

Art. 1 - SEPT.

Art. 2. - edición de libros, revistas y demás publicaciones; su exportación, distribución y venta y actividades análogas cualesquiera otras actividades análogas

Art. 3. - Reconquista, 1 - entresuelo

Art. 4. - ?

Art. 5. - ~~D. José Ramón Fontán González~~
Es de ~~200.000 pesetas~~ 150.000 ~~100.000~~ aportadas.
D. José Ramón Fontán González 100.000 ~~80.000~~ ~~110.000~~ pts.
D. José Meixide González 25.000 ~~20.000~~ ~~15.000~~ ~~20.000~~
D. Xaime Isla Couto 25.000 ~~20.000~~ ~~15.000~~ ~~20.000~~

Art. 7 - Preferencia de los Sres. Meixide e Isla para igualar la participación de D. José R. Fontán.

Art. 20.

SERVICIO EDITORIAL: IDEAS, ESTUDIOS, PRESUPUESTOS, GESTIONES Y TRÁMITES PARA LA PUBLICACIÓN DE LIBROS O REVISTAS Y SU PUBLICACIÓN Y VENTA

Servicio de librería y publicaciones²:

Información bibliográfica general, nacional y extranjera.

Orientación bibliográfica profesional y especializada (selección de libros y revistas de una actividad profesional determinada, etc.) *Ordenación bibliográfica sobre temas determinados, artículos de revistas, etc.*

Organización y selección de bibliotecas (selección de libros y publicaciones, organización e instalación de bibliotecas, ordenación de ficheros y catálogos, etc.) para Sociedades y particulares

Organización del trabajo intelectual (despacho y biblioteca de profesionales, etc.)

Venta de libros y revistas

Cuentas corrientes de librería (con un recargo mínimo por interés de anticipos hechos)

Suscripciones a revistas profesionales y especializadas

Oficina de traducciones

Traducción de artículos de revistas extranjeras.

Traducción de documentos o correspondencia de particulares, etc.

Traducción de obras a idiomas extranjeros

Otros servicios:

Discoteca (Selección de discos de música escogida, etc.) Ediciones musicales, etc.

Grabados y acuarelas

Fotografías

Servicio de impresos, dibujos, ideas de publicidad y organización, etc.

Ideas para mobiliario y decoración librería y bar particular etc.

FOLLETO INFORMATIVO DE SEPT

Exterior

Impresos.

Sr. D.

Lepanto, 7.


Vigo

S.E.P.T. le ofrece

un guía seguro en la selva de los libros. Vd. se habrá encontrado muchas veces con bastantes dificultades para conocer los libros o publicaciones existentes sobre una materia determinada o que se acomodan particularmente a sus aficiones o trabajos. No hay actualmente medios para lograrlo pero SEPT se los facilitará.

una librería a la puerta de su casa. No basta con conocer la existencia de los libros o revistas que puedan interesarle a Vd. Es preciso adquirirlos y en múltiples ocasiones no habrá podido Vd. hacerlo por no existir librería en su localidad, por falta en las mismas de surtido y de una referencia precisa en la edición o, simplemente, por pereza. Bastará una indicación de Vd. para que reciba el libro en su propio domicilio.

². Fondo Xaime Isla Couto. Arquivo da Fundación Isla Couto. Sinatura 10/25



una guía seguro en la selva de los libros

una materia determinada o que se acomoden particularmente a sus aficiones o trabajos. No hay actualmente medios para lograrlo pero SEPT se los facilitará.

Vd. se habrá encontrado muchas veces con bastantes dificultades para conocer los libros o publicaciones existentes sobre

una librería a la puerta de su casa

múltiples ocasiones no habrá podido Vd. hacerlo por no existir librería en su localidad, por falta en las mismas de surtido y de una referencia precisa de la edición o, simplemente, por pereza. Bastará una indicación de Vd. para que reciba el libro en su propio domicilio.

No basta con conocer la existencia de los libros o revistas que puedan interesarle a Vd. Es preciso adquirirlos y en

una selecta biblioteca al alcance de su bolsillo

¿Qué libros deberán seleccionarse? ¿Cómo podrán adquirirse en condiciones económicas asequibles? SEPT lo hará en beneficio de Vd. facilitándole listas seleccionadas con arreglo a sus deseos y ofreciéndole favorables condiciones para su adquisición.

Una biblioteca es tan importante como la despensa en una casa. Todos tienen derecho a formar su propia biblioteca.

Tarjeta postal, ca. 1946-1948. Fondo Xaime Isla Couto. Arquivo da Fundación Isla Couto. Sinatura 17/7b

una selecta biblioteca al alcance de su bolsillo. Una biblioteca es tan importante como la despensa en una casa. Todos tienen derecho a formar su propia biblioteca. ¿Qué libros deberán seleccionarse? ¿Cómo podrán adquirirse en condiciones económicas asequibles? SEPT lo hará en beneficio de Vd. facilitándole listas seleccionadas con arreglo a sus deseos y ofreciéndole favorables condiciones para su adquisición.

Interior

SERVICIO DE EDICIONES,
PUBLICACIONES Y TRADUCCIONES

Lepanto, 7
Teléf. 2155
VIGO



Esbozo de logotipos realizados por Xaime Isla. 1946

El mercado de librería en nuestra Región ofrece un desarrollo deficiente en todos los aspectos: primero, en cuanto a la extensión, reducido al número relativamente escaso de librerías, existentes tan sólo en las ciudades más importantes, con abandono de las pequeñas villas y aldeas que constituyen la mayoría de la población gallega; en segundo término, con respecto al surtido, limitado a las novedades de librería nacional, y finalmente, en relación con la información y documentación bibliográficas para orientar a los lectores, inexistente por completo.

Y ocurre, por otra parte, según notoriamente es sabido, que Galicia carece de editoriales propias; no existe un solo intento editorial serio, que al tiempo de permitir la posibilidad de dar a conocer dentro del país la obra de nuestros escritores, sirviendo de instrumento apto para la difusión y permanencia de los valores culturales propios, recoja del exterior aquellas obras más afines con nuestro espíritu genuino y que mejor se acomoden a las necesidades del público gallego.

Estimulado principalmente por estas ideas nace SEPT. Sin perder de vista la preparación de nuestra futura editorial, atenderá inicialmente a la organización del mercado gallego del libro, y de manera especial a los pequeños pueblos y aldeas diseminados por toda la región.

Pero SEPT no será una librería más: se propone dirigir, con seriedad, solvencia y responsabilidad, la distribución del libro, prestando desinteresadamente para ello a todos los lectores de Galicia un servicio de información y documentación bibliográfica que en cualquier instante les permite seleccionar debidamente sus compras.

Para ello cuenta con un escogido equipo de asesores, especializado en cada una de las ramas bibliográficas. Y desde luego, tiene establecidas amplias relaciones con todas las casas

